

REDUCIR A PRODUCCIÓN DE LIXO, ALONGAR A VIDA ÚTIL DOS PRODUTOS E SEPARALOS EN ORIXE, UNHA VEZ CONVERTIDOS EN RESIDUOS, PARA CONTRIBUÍR Á SÚA RECICLAXE, CONSTITÚE UNHA RESPONSABILIDADE DE TODOS, SEN EXCEPCIÓN.

CON PEQUENOS E SINXELOS XESTOS DIARIOS, PROPICIAREMOS UNHA XESTIÓN MÁIS SOSTIBLE DOS NÓSOS REFUGALLOS. O MEDIO AMBIENTE CLAMA POLA NOSA AXUDA. O TEU BENESTAR ESTÁ EN XOGO, ASÍ COMO O FUTURO DAS PRÓXIMAS XERACIÓNS.

**REDUCIR,
REUTILIZAR
E RECICLAR=
RESPONSABILIDADE**



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**



**Compra con racionalidade.
Elabora unha lista previa e
céntrate no que
verdadeiramente necesitas.**




**Prioriza os produtos
comercializados a granel e
minimiza o consumo de
bandexas, envases e
envoltorios superfluos.**



**Diferenza entre data de caducidade e data
de consumo preferente nos artigos
perecedoiros. A primeira indica o momento a
partir do cal un produto pode representar
risco para a saúde; a segunda, o momento no
que un produto perde cualidades –textura,
sabor, olor–, pero sen supoñer unha ameaza
para a saúde.**

**Os alimentos feos teñen as
mesmas propiedades
nutritivas que os guapos.
Faille un oco na túa cesta
da compra.**



**Se vives nunha casa unifamiliar con
terreo, unha magnífica opción para
aproveitar os residuos alimentarios e
vexetais é a elaboración de compost.
Pecharás o círculo de recuperación da
materia orgánica sen saír de casa.**




**Revisa a despensa e a neveira para
consumir antes os produtos máis antigos,
axusta as racións de comida ao número
de comensais e aproveita as sobras para
elaborar novos menús.**

A bolsa, sempre de casa.
Recupera o carriño da compra
de toda a vida.




Descarta os plásticos dun só uso.
Esquécete de vasos, pratos e cubertos de
plástico. Opta pola súa versión reutilizable
(metal, vidro, louza). Descarta tamén os
manteis, panos, rolos e servilletas de papel.
Recorre aos de tea de toda a vida.



Da prioridade aos materiais con recambio,
minimiza o consumo de papel e aproveita ao
máximo.



Doa a roupa que xa non uses ou lévaa aos
contedores específicos habilitados para a
súa recollida. Hai persoas que a necesitan.



CONTEDOR AMARELO

SI

- Envases de plástico (botellas de auga, refrescos e leite, botellas de produtos de limpeza, xeles de baño, colonias e champú, bolsas de conxelados, bolsas plásticas).
- Latas (de conservas e bebidas), bandexas de aluminio, tapóns metálicos de botellas e tapas de frascos.
- Briks (de leite, viño, zume, batidos, caldos, etc).

NON

- Roupa, vidro, cartón.
- Restos orgánicos ou outros obxectos que non sexan envases.

CONTEDOR VERDE

SI

- Cueiros, compresas.
- Bastonciños de algodón.
- Toallíñas desbotables.
- Bolígrafos.
- Papeis e cartóns manchados.
- Servilletas e panos de papel usados.
- Vaixelas e cubertos.
- Xoguetes rotos de pequenas dimensións.
- Obxectos de plástico ou metal que non sexan envases.

CONTEDOR AZUL

SI

- Xornais, revistas, bolsas de papel.
- Caixas de galletas, de cereais, de zapatos, de produtos conxelados.
- Hueveras de cartón, etc

NON

- Papel de aluminio, briks, cueiros.
- Servilletas e panos de papel sucios.
- Cartón e papel manchados de graxa ou aceite.

IGLÚ VERDE

SI

- Botellas.
- Tarros (de marmelada, de conservas).
- Frascos (de colonia, de cosmética).

NON

- Tubos fluorescentes.
- Porcelana, cerámica.
- Cristal de xanelas ou espellos, vasos, copas de cristal, tapóns, cortizas, etc.

PRÁCTICAS SINXELAS E ASEQUIBLES CON
GRANDES BENEFICIOS AMBIENTAIS,
ECONÓMICOS E SOCIAIS SÓ ALCANZABLES
COA TÚA COLABORACIÓN E A DE TODOS.

 Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA

 **SOGAMA**
SOCIEDADE GALEGA
DO MEDIO AMBIENTE